


TODO LÍRICA

IX FESTIVAL DE ZARZUELA DE SANTIAGO Nadal 2009



ORGANIZAN:



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellaría de Cultura
e Centros Socioculturais



**ASOCIACIÓN
GALEGA DA LÍRICA**
Teresa Berganza

PATROCINAN:

 **FUNDACION CAIXA GALICIA**

 **DEPUTACION DA CORUÑA**
www.dicoruna.es


CONSORCIO DE SANTIAGO


**Xacobeo
Classics**

 **XUNTA
DE GALICIA**

 **XACOBEO 2010
Galicia**

TODO LÍRICA

IX FESTIVAL DE ZARZUELA DE SANTIAGO

martes 22 de decembro de 2009

SIMÓN ORFILA *baixo*

KENNEDY MORETTI *piano*

luns 28 de decembro de 2009

JOSÉ MANUEL ZAPATA *tenor*

RUBÉN FERNÁNDEZ AGUIRRE *piano*

mércores 30 de decembro de 2009

ITZIAR DE UNDA *soprano*

MIKELDI ATXALANDABASO *tenor*

RUBÉN FERNÁNDEZ AGUIRRE *piano*

luns 4 de xaneiro de 2010

ISABEL MONAR *soprano*

ARS ATLÁNTICA

JUAN CARLOS DE MULDER *guitarra barroca*

LUZ MARTÍN LEÓN-TELLO *castañolas*

MANUEL VILAS *arpa de dúas ordes e dirección*

xoves 7 de xaneiro de 2010

VIVICA GENAUX *mezzosoprano*

CARLOS DE ARAGÓN *piano*

Concerto patrocinado pola S. A. de Xestión do Plan Xacobeo

Teatro Principal (Santiago de Compostela), 21:00

Co Nadal ás portas e o inverno entrado o mellor da música chega a Compostela da man dunha cita consolidada xa no calendario cultural da nosa cidade, o festival Todo Lírca. Van xa nove as edicións dun ciclo que naceu á calor do xénero da zarzuela mais que progresivamente foi ampliando o seu abano musical que vai desde a propia zarzuela, pasando, como nesta edición, pola canción napolitana, a ópera ou o tango entre outros. Os e as amantes destes xéneros poderán percorrelas a través de autores como: Sorozábal, Guridi, Rossini, Tosti e Gastaldon, Mozart, Puccini, Rossini ou Filiberto e Gardel entre tantos outros.

Como noutras ocasións o deleite da música irá unido ao coñecemento de cada artista, autor e xénero que serán protagonistas dos cinco concertos do festival, a través deste excelente instrumento didáctico que é o programa de man.

Aproveito a ocasión para felicitar a todos e todas as que co seu traballo fan posíbel que outra edición máis de Todo Lírca sexa unha realidade cada ano, e nomeadamente á Asociación Galega da Lírca polo labor coidado e preciso que pon na súa organización. Agradecementos tamén á Fundación Caixa Galicia polo seu patrocinio que contribúe a que este festival sexa posíbel, e á S. A. de Xestión do Plan Xacobeo, entidade patrocinadora do concerto de clausura.

Agardando que o programa deste ano sexa do seu agrado e que gocen con el, deséxolle tamén unhas boas festas e unha feliz entrada de ano.

SOCORRO GARCÍA CONDE

Tenenta de alcalde e Concelleira de Cultura e Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela

Co Nadal chega de novo Todo Lírca, un proxecto creado hai nove anos co decidido e imprescindible apoio da Concellaría de Cultura compostelá, e que desde a súa primeira edición baixo o nome de Festival de Zarzuela de Santiago xa deu exitosos froitos artísticos e de público. O ciclo segue o formato de recitais de voz e piano das anteriores edicións e constará nesta singular ocasión, ás portas do Ano Santo de 2010, de cinco concertos. Como ben saben, cada ano o noso Festival de Zarzuela abordaba, xunto a este xénero que daba nome ao ciclo, outras manifestacións musicais e o peso destes xéneros na programación creceu ano tras ano. A ópera, a canción, o tango e, como non, a zarzuela enchen os programas deste ecléctico ciclo, que dende o pasado Nadal rebautizamos como Todo Lírca, coa intención de axustar máis o seu nome aos seus contidos. Un sólido elenco de novos cantantes que atesouran prestixio e experiencia actuarán no escenario do Teatro Principal entre o 22 de decembro e o 7 de xaneiro.

O primeiro en chegar a Santiago para inaugurar Todo Lírca será o baixo menorquín Simón Orfila que, acompañado ao piano por Kennedy Moretti, cantará un programa que inclúe cancións napolitanas (Tosti e Gastaldón), arias de ópera (Mozart, Puccini e Rossini) e romanzas de zarzuela. Será este o recital de presentación en Santiago de Simón Orfila como uns días despois o será do tenor granadino José Manuel Zapata, un cantante de ascendente carreira internacional que no seu programa inclúe unha homenaxe a Isaac Albéniz no centenario da súa morte (cantando algunhas das súas cancións), arias de ópera (especialidades de Zapata como *La Cenerentola* de Rossini), xunto a cancións do tenor e compositor sevillano Manuel García e, para rematar, unha selección de tangos. O momento da zarzuela chega no concerto de dous cantantes vascos, a soprano Itziar de Unda e o tenor Mikeldi Atxalandabaso, cun programa cheo de romanzas e dúos de Sorozábal, Guridi, Arrieta, Luna, Moreno Torroba e Vives que terá como colofón o famoso dúo de *El gato montés* de Penella. Protagonista destes dous concertos é un vello coñecido do público compostelán, o pianista Rubén Fernández Aguirre, que non falta á súa cita anual dende a creación deste ciclo hai xa nove anos.

Da man do arpista compostelán Manuel Vilas e o seu grupo Ars Atlántica (nesta ocasión formado por Juan Carlos de Mulder coa guitarra barroca, Luz Martín León-Tello coas castañolas e o propio Manuel Vilas coa arpa de dúas ordes), Todo Lírca acolle un orixinal programa de tonadas e danzas do século XVII. Con este concerto titulado *Vivir a vida airada* regresa ao ciclo a soprano valenciana Isabel Monar.

Nesta ocasión, e como comezo do Ano Santo de 2010, Todo Lírca conta coa colaboración da S. A. de Xestión do Plan Xacobeo da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia que patrocina o concerto de clausura, protagonizado por unha estrela da lírica dos nosos días como Vivica Genaux. A mezzosoprano nada en Alaska regresa a Galicia tras as súas actuacións hai catro anos no Festival de Música Cidade de Lugo e na edición 2007 do Festival Via Stellae, nesta ocasión acompañada ao piano por Carlos de Aragón.

No Principal agardámoslos outro Nadal con moita, variada, alegre e, sobre todo, boa música. A Asociación Galega da Lírca deséxalles un bo e lírico Nadal.

XOSÉ VÍCTOR CAROU FERNÁNDEZ

Presidente da Asociación Galega da Lírca

CONCERTO 1

martes 22 de decembro de 2009

SIMÓN ORFILA *baixo*

KENNEDY MORETTI *piano*

PARTE I

FRANCESCO PAOLO TOSTI (1846-1916)

L'ultima canzone (A última canción)

Vorrei morire (¡Querería morrer!)

STANISLAO GASTALDON (1861-1939)

Musica proibita (Música prohibida)

WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791): *Le nozze di Figaro* (1786)

“Non più andrai” (Non irás máis), aria de Figaro

GIACOMO PUCCINI (1858-1924): *La Bohème* (1896)

“Vecchia zimarra” (Vella zamarra), aria de Colline

GIOACCHINO ROSSINI (1792-1868): *Il barbiere di Siviglia* (1816)

“La calunnia” (A calunnia), aria de Don Basilio

PARTE II

FEDERICO MOMPOU (1893-1987)

Damunt de tu nomes les flors (Sobre ti só as flores),

de *Combat del somni* (O combate do soño)

EDVARD GRIEG (1843-1907)

T'estimo (Ámote), versión en catalán de *Ich liebe dich op 5 n^o3*

PABLO LUNA (1879-1942): *El niño judío* (1918)

“Noemí de mis amores” (romanza de Manacor)

AMADEO VIVES (1871-1932): *Maruxa* (1914)

Canción do Golondrón:

“¡Ganapanes! ¡Atrevidos! Es mi sino desgraciado” (romanza de Rufo)

SALVADOR CODINA (1910-1985): *La galeota* (1948)

“Mi barca” (romanza de Saúl)

SIMÓN ORFILA *baixo*

Nado en Alaior, iniciou os seus estudos musicais no Conservatorio de Menorca e posteriormente na Escola Superior de Música Raíña Sofía, na que se formou durante tres anos e na que foi profesor seu o catedrático Alfredo Kraus.

O seu repertorio operístico inclúe títulos como *Turandot*, que cantou no Teatro do Liceo de Barcelona, *As vodas de Fígaro* (Teatro Real de Madrid, Liceo de Barcelona, Teatro Campoamor de Oviedo, Las Palmas de Gran Canaria, San Carlo de Nápoles, Deutsche Oper de Berlín, Seúl, Santiago de Chile), *Norma* (Liceo, Madrid, Múnic, Berlín, Macerata, Roma, Tokio), *Lucia di Lammermoor* (Liceo, Lübeck, Menorca, San Carlos de Lisboa), *La donna del lago* (Pamplona, San Sebastián, Lisboa), *Don Giovanni* (Liceo, Graz, Nápoles, Turín), *Aida* (Menorca, Lisboa), *La Cenerentola* (Liceo, Teatro Real, Pamplona, Valladolid, Nápoles, Xénova, Turín, Montpellier, Xenebra), *Il viaggio a Reims* (Liceo, Teatro Real, Florencia, Scala de Milán), *Socrate Imaginario* (Nápoles, Teatro alla Scala de Milán), *Sansón e Dalila* (Liceo de Barcelona xunto con José Carreras), *I Puritani* (Liceo de Barcelona con Edita Gruberova, Las Palmas de Gran Canaria, Menorca), *La Bohème* (Liceo, Arena Flegrea en Nápoles), *La clemenza di Tito* (Liceo, Palau de la Música de Valencia, Turín), *La Gazzetta* (Oviedo, Viena), *Don Carlo* (Palma de Mallorca, Teatro Real), *Maria Stuarda* (Liceo), *Lucrezia Borgia* (Las Palmas de Gran Canaria), *Il barbiere di Siviglia* (Florencia, Oviedo), *Tosca* (Oviedo), *L'elisir d'amore* (Liceo, Menorca), *Adriana Lecouvreur* (Palma de Mallorca), *Semiramide* (Liceo), *La vida breve* (Sevilla), *Adelaide di Borgogna* (A Coruña), *La Fattucchiera* (Liceo, Auditorio Nacional de Madrid), *La Favorite* (Liceo), *Un ballo in maschera* (Liceo, Palma de Mallorca) e *Il Trovatore* (Palma de Mallorca).

Realiza ademais unha considerable actividade no eido do concerto e do oratorio que o leva a tomar parte en concertos e recitais en numerosas cidades españolas e europeas: *Réquiem* de Mozart en Bilbao, Bergen e Palma de Mallorca; *Réquiem* de Verdi en Madrid, Sevilla e, dirixido por Mstislav Rostropovich, en Alacante, Valencia e Castellón; *A creación* en Toulouse e *Stabat Mater* de Rossini en Madrid e Nápoles.

Gravou *La Fattucchiera* de Vicenç Cuyás en cd para Columna Música e, en dvd, *Il viaggio a Reims* (TDK), *La Cenerentola* (para a RAI), *I Puritani* (TDK), *Norma* (Dynamic) e *La Gazzetta* (Opus Arte).

Recentes e futuras actuacións inclúen *Don Giovanni* en Israel e Oviedo, *L'italiana in Algeri* en Xerez, Córdoba e Florencia, *L'arbore di Diana* no Liceo e Teatro Real, *La Bohème* en Santander, *Norma* en Lima, *La donna del lago* na Ópera da Bastilla de París, *Lucia di Lammermoor* en Bilbao, etc.

KENNEDY MORETTI *piano*

Naceu no Brasil e realizou os seus estudos musicais na Universidade de São Paulo, na Academia Franz Liszt de Budapest e na Escola Superior de Música de Viena. Foi pianista acompañante e asistente musical na Ópera Nacional de Hungría, no Volkstheater de Viena e tamén nas compañías vienesas Neue Oper Wien e Neue Oper Austria. Entre 1994 e 1999 foi o acompañante das clases de Alfredo Kraus na Escola Superior de Música Raíña Sofía en Madrid e nos cursos de verán de Santander, entre 2000 e 2005 profesor de educación auditiva (tamén na Escola Superior de Música Raíña Sofía) e de 2000 ata 2006 catedrático de música de cámara no Conservatorio Superior de Música de Salamanca.

Actuou en numerosas cidades españolas e tamén en Portugal, Francia, Austria, Alemaña, Inglaterra, Suíza, EUA e Brasil. No intenso labor que desenvolve no eido do acompañamento vocal salientan actuacións xunto a cantantes como Aquiles Machado, Ana María Sánchez, Ruggero Raimondi, Simón Orfila, Felipe Bou, Milagros Poblador, María Espada, Marina Pardo, José Antonio López, Mariola Cantarero, etc., e no da música de cámara instrumental con intérpretes como Hagai Shaham, Joaquín Torre, Lina Tur Bonet, Ángel García Jermann, David Quiggle, José Manuel Román, José Luis Estellés, David Tomás e membros do Cuarteto Casals, entre outros.

Realizou gravacións de obras para piano só e cancións de Helmut Jasbar (con María Espada) para o selo Extraplatte de Viena, un compacto da serie Compositores de Cantabria con Marina Pardo para a Fundación Marcelino Botín en Santander e de sonatas para piano de Mozart para a Universidade Autónoma de Madrid, ademais de transmisións en directo na Radio Nacional Austríaca e na Radio Televisión Española.

Na actualidade reside en España e exerce a docencia na área de música de cámara na Escola Superior de Música de Cataluña (Barcelona), no Instituto Internacional de Música de Cámara de Madrid e no Conservatorio Superior de Música de Aragón (Zaragoza).

CONCERTO 2

luns 28 de decembro de 2009

JOSÉ MANUEL ZAPATA *tenor*

RUBÉN FERNÁNDEZ AGUIRRE *piano*

PARTE I

EDUARD TOLDRÀ (1895-1962): *Seis cancións castelás*

La zagala alegre

Madre, unos ojuelos vi

Mañanita de San Juan

Nadie puede ser dichoso

Cantarcillo

Después que te conocí

ISAAC ALBÉNIZ (1860-1909)

La lontananza (A distancia)

Morirò! (¡Morrerei!)

GIOACCHINO ROSSINI (1792-1868): *La Cenerentola* (1817)

“Principe non sei più... Sì, ritrovarla io giuro... Dolce speranza, freddo timore”

(Deixastes de ser príncipe... Si, xuro que a volverei atopar... Doce esperanza, frío temor),
recitativo, aria e cabaletta de Ramiro

PARTE II

MANUEL GARCÍA (1775-1832): *Caprichos líricos*

Caramba

Fortunilla

El potrito

Yo que no sé callar

Floris

El riqui-riqui

Tangos:

CARLOS GARDEL (1890-1935)

Tomo y obligo (1931)

CARLOS GARDEL (1890-1935)

Volver (1935)

CARLOS GARDEL (1890-1935)

Cuesta abajo (1934)

ELADIA BLÁZQUEZ (1931-2005)

El corazón al sur

JUAN DE DIOS FILIBERTO (1885-1964)

Caminito (1926)

JOSÉ MANUEL ZAPATA *tenor*

Converteuse, dende o seu debut hai sete anos, nun dos tenores máis importantes da súa xeración. A partir da súa primeira actuación no Festival de Ópera de Oviedo en 2002, conseguiu debutar neste curto espazo de tempo nalgúns dos teatros de ópera máis importantes do mundo (Teatro Real de Madrid, Liceo de Barcelona, Rossini Opera Festival de Pesaro, Ópera de Berlín, Ópera de París, Teatro San Carlo de Nápoles, Teatro Massimo de Palermo, etc.). Foi, no entanto, o seu recente debut no Metropolitan Opera House de Nova York o punto álxido da súa prometedora carreira, ao obter un grande éxito da crítica e do público que o fará regresar ao Met na tempada 2010-2011 para protagonizar xunto con Renée Fleming unha nova produción da ópera *Armida* de Gioacchino Rossini. Entre os seus proxectos máis importantes atópase o seu próximo debut na Scala de Milán interpretando o papel de tenor italiano de *O cabaleiro da rosa* de Richard Strauss. Foi premiado cos dous dos galardóns máis importantes aos que pode optar un cantante lírico en España: o premio Ópera Actual e o Premio Teatro Campoamor ao cantante revelación de 2005.

RUBÉN FERNÁNDEZ AGUIRRE *piano*

Nace en Barakaldo (Biscaia) en 1974. En 1996, sendo bolseiro da Deputación Foral de Biscaia, trasládase a Viena. Durante tres anos realizou na capital austríaca estudos de correpetición (música de cámara e acompañamento de cantantes) cos profesores D. Lutz, F. Fanning e C. Stanisheff. Alí traballou para a axencia internacional Yehudi Menuhin, Live music now, e ofreceu concertos por toda Austria. Posteriormente perfeccionou os seus estudos en Múnic e recibiu os consellos de Félix Lavilla e Wolfgang Rieger.

Realiza labores de repertorista en cursos e clases maxistras de importantes cantantes, profesores de canto e directores de escena como R. Scotto, S. Estes, W. Berry, I. Cotrubas, L. Albanese, E. Viana, A. L. Chova e E. Sagi. Foi pianista oficial do concurso Operalia 2006 (presidido por Plácido Domingo) e colabora tamén como mestre correpetidor no Taller de Ópera do Palau da Música de Valencia, no Teatro Real de Madrid e no Teatro da Maestranza de Sevilla.

É pianista habitual de cantantes como Carlos Álvarez, Ainhoa Arteta, Ismael Jordi, Nancy Fabiola Herrera, José Manuel Zapata, Elena de la Merced, J. Miquel Ramón, Manuela Custer, David Menéndez, Marina R. Cusí, José Luis Sola, Isabel Monar, José Antonio López, Ruth Rosique, Luis Dámaso, Eglise Gutiérrez, Albert Montserrat, Cristina Faus, etc., e actúa tamén con Cristina Gallardo-Domâs, Leontina Vaduva, Isabel Rey, Mariola Cantarero, Anna Chierichetti, Yolanda Auyanet, Simón Orfila e os bailaríns Ángel Corella e Igor Yebra e o Orfeón Donostiarra.

É pianista residente do ciclo Todo Lírca de Santiago de Compostela, do Festival Internacional de Música de Medina del Campo (Valladolid), do Teatro Arriaga de Bilbao e do ciclo Vive la Lírca de Telde (Gran Canaria). Ademais actuou nos festivais internacionais de Granada, Perelada, Santander, Quincena Musical Donostiarra, Mozart da Coruña, Festival de Música Española de Cádiz, Schubertiada de Villabertrán, etc., así como no Palau de la Música de Barcelona, Auditorio Nacional de Madrid, Catedral de Sevilla, Palacio Euskalduna e Museo Guggenheim de Bilbao, Auditorio Alfredo Kraus das Palmas, Teatro Cervantes de Málaga, Auditorio de Murcia, Teatro Circo de Albacete, Auditorium de Palma de Mallorca, Teatro Villamarta de Xerez, Auditorio Enric Granados de Lleida, Palau de les Arts de Valencia, etc. e en importantes escenarios de Europa (Teatro de La Monnaie de Bruxelas, Festival Rossini de Pesaro), América (Carnegie Hall de Nova York), Oriente Medio (Damasco) e África (Arxel).

Entre os seus próximos compromisos destacan a estrea en Europa da ópera de cámara (piano e catro cantantes) *L'isola disabitata* de Manuel García nos teatros Arriaga de Bilbao e Maestranza de Sevilla con dirección escénica de Emilio Sagi, e recitais con Celso Albelo (As Palmas), Elena de la Merced (Tenerife e Milán) e Francisco Corujo.

CONCERTO 3

mércores 30 de decembro de 2009

ITZIAR DE UNDA *soprano*

MIKELDI ATXALANDABASO *tenor*

RUBÉN FERNÁNDEZ AGUIRRE *piano*

PARTE I

PABLO SOROZÁBAL (1897-1988): *La tabernera del puerto* (1936)
"Marinero, vete a la mar" (dúo de Leandro e Marola)

JESÚS GURIDI (1886-1961): *El caserío* (1926)
"Yo no sé qué veo en Ana Mari" (romanza de José Miguel) *tenor*

JESÚS GURIDI (1886-1961): *El caserío* (1926)
"Buenos días" (dúo de Ana Mari e José Miguel)

FRANCISCO ASENJO BARBIERI (1823-1894): *Jugar con fuego* (1851)
"Un tiempo fue que en dulce calma... Cuán presto, ay mísera" (romanza da duquesa de Medina) *soprano*

EMILIO ARRIETA (1821-1894): *Marina* (1855)
"Por Dios, tu pena cese" (dúo de Jorge e Marina)

PARTE II

PABLO LUNA (1879-1942): *La pícaro molinero* (1928)
"Paixarín, tú que vuelas" (romanza de Juan de Colás) *tenor*

FEDERICO MORENO TORROBA (1891-1982): *La Marchenera* (1928)
Petenera: "Tres horas antes del día" (romanza de Valentina) *soprano*

AMADEO VIVES (1871-1932): *Doña Francisquita* (1923)
"¡Le van a oír!" (dúo de Francisquita e Fernando)

PABLO SOROZÁBAL (1897-1988): *La tabernera del puerto* (1936)
"¡No puede ser!" (romanza de Leandro) *tenor*

FEDERICO MORENO TORROBA (1891-1982): *Monte Carmelo* (1939)
"Madre de mis amores" (habanera de Esperanza) *soprano*

MANUEL PENELLA (1880-1939): *El gato montés* (1916)
"Vaya una tarde bonita... ¡Sí! Torero quiero sé" (dúo-pasodoble de Soleá e Rafael Ruiz "El Macareno")

ITZIAR DE UNDA *soprano*

Nada en Bilbao, realiza os seus estudos musicais no Conservatorio Superior de Música da súa cidade natal no que realizou o grao superior de canto; os primeiros anos estudou coa profesora Isabel González e rematou a súa carreira coa mestra e soprano Ana Begoña Hernández. Ao mesmo tempo obtivo o grao medio de piano e licenciouse en Historia Contemporánea na Universidade de Deusto. Recentemente foi galardoada co terceiro premio no Concurso Internacional de Canto Cidade de Logroño (2008). Actualmente estuda repertorio co pianista Rubén Fernández Aguirre.

Participou en diversos cursos de perfeccionamento vocal e repertorio con mestres da talla de Teresa Berganza, Isabel Rey, Enrique Viana, Marcela Reale, Ana Luisa Chova, Anna M^a Piccioli, Gianni Mastino, Mario Malagnini, Itziar Barredo, etc.

Asidua colaboradora na tempada de ABAO actuou en óperas como *Jenufa*, *Madama Butterfly*, *Manon*, *Os contos de Hoffmann*, *Rigoletto*, *A bela durminte*, *A frauta máxica* e *I due Foscari*. En Málaga interpretou o papel de Musetta da ópera *La Bohème* e, no Teatro Cervantes, *Jenufa*. Cómpre salientar a súa participación en *Il viaggio a Reims* de Rossini dirixida polos mestres Alberto Zedda y Emilio Sagi.

Ofreceu diversos recitais en Italia (Verona) e outros concertos organizados pola Asociación Musical Alfredo Kraus, coa que colabora asiduamente. No seu repertorio salientan a *Petite Messe Solennelle* de Rossini (xunto ao Orfeón Donostiarra) e os réquiems de Fauré, Brahms e Mozart.

Entre os seus próximos compromisos destacan Barbarina de *As vodas de Fígaro* na ABAO e no Auditorio de Zaragoza baixo a dirección musical de Eduardo López Banzo e escénica de Emilio Sagi; a Marquesita da zarzuela *El barberillo de Lavapiés* nos teatros Arriaga de Bilbao e Calderón de Valladolid (con dirección escénica de Gustavo Tambascio), así como diversos recitais no Festival Isaac Albéniz de Camprodón (Girona), Medina del Campo (Valladolid) e Santiago de Compostela.

MIKELDI ATXALANDABASO *tenor*

Natural de Bilbao, comeza os seus estudos de música e canto na súa cidade natal e en San Sebastián, realizando diversos cursos de perfeccionamento con importantes mestres de canto e repertorio. No 2001 resultou premiado no Concurso Internacional de Canto Manuel Ausensi.

Interpretou *Das Namensfest* de Süssmayer, *Don Carlo* de Verdi e *Don Sebastiano* de Donizetti no Teatro Arriaga, e na tempada da ABAO participou en producións de *O cabaleiro da rosa*, *Salomé*, *Electra*, *Ariadna en Naxos*, *Tosca* e *Turandot*. Cantou tamén *Rigoletto* na Quincena Musical Donostiarra; *L'occasione fa il ladro* de Rossini no Teatro Lliure de Barcelona (en coprodución co Liceo), Valladolid, Pamplona e Bilbao; *Roberto Devereux*, *La Rondine*, *Lucrecia Borgia* e *Lucia di Lammermoor* no Festival de Ópera de Oviedo; *Gianni Schicchi* e *O cabaleiro avaro* de Rachmaninov en Tenerife, e *O retablo de Maese Pedro* de Falla no Teatro Real de Madrid e no Liceo de Barcelona. A nivel internacional actuou no MusikFest de Bremen (Alemaña) e no Festival Mozart de Mantua (Italia) co grupo de cámara Zefiro Ensemble.

En concerto interpretou a *Misa de Gloria* de Puccini (Auditorio Nacional de Madrid e Palacio Euskalduna de Bilbao), a *Novena sinfonía* de Beethoven (Rioja Forum), *Misa en do maior* de Mozart, *Stabat Mater* de Rossini (Palacio Kursal de San Sebastián, Festival relixioso de Bakio), *Pequena misa solemne* de Rossini (Auditorio Nacional de Madrid), *O Mesías* de Haendel (Kursal e Festival Relixioso de Málaga), *Misa en si menor* de Bach (Málaga), *San Nicolás* de Britten, *Fausto* de Listz (Euskalduna) e *Oratorio de Nadal* de Saint Saens (Euskalduna). En canto ao xénero lírico español interpretou *El Caserío* de Guridi e *La del manojo de rosas* (Euskalduna, Teatro Arriaga, Palacio de Festivais de Santander, Teatro Gayarre de Pamplona, Teatro Cervantes de Málaga, etc.).

Recentemente interpretou *Katiuska* de Sorozábal e *Les mamelles de Tiresias* con dirección de escena de Emilio Sagi no Arriaga de Bilbao, Campoamor de Oviedo e no Teatro Español de Madrid, *Turandot* na Coruña baixo a dirección de Miguel Ángel Gómez Martínez e *Tosca* en Oviedo con Friedrich Haider. Tamén traballou con directores da talla de Jesús López Cobos, Josep Pons, Pedro Halffter, Juanjo Mena e Víctor Pablo Pérez. Ofreceu recitais con Maite Aranguren, Itziar Barredo e Rubén Fernández Aguirre, con quen actuou en diversas ocasións entre as que destaca o recital realizado no ciclo Cuartito del Arriaga desta tempada.

Entre os seus compromisos futuros hai que destacar *O retablo de Maese Pedro* en Oviedo, no Teatro da Monnaie de Bruxelas e na Maestranza de Sevilla, *I Puritani* no Teatro Real (xunto con Juan Diego Flórez), *Falstaff* en Bilbao e diversos concertos no eido do oratorio coa Sinfónica de Euskadi.

RUBÉN FERNÁNDEZ AGUIRRE *piano*

Ver currículum no concerto 2

CONCERTO 4

luns 4 de xaneiro de 2010

ISABEL MONAR *soprano*

ARS ATLÁNTICA

JUAN CARLOS DE MULDER *guitarra barroca*

LUZ MARTÍN LEÓN-TELLO *castañolas*

MANUEL VILAS *arpa de dúas ordes e dirección*

Vivir a vida airada: tonadas e danzas para un sarao (s. XVII)

PARTE I

Tanta copia de hermosura (Anónimo, s. XVII)
¿Quién es amor? (Juan Hidalgo, 1612-1685)
Soneto: Definición de amor (Lope de Vega, 1562-1635)
Es el amor (Anónimo, s. XVII)

Cierta hermosura (Domingo Gesino, s. XVII-XVIII)
Mayor es mi dolor (Anónimo, s. XVII)
Que pues muero y me matas (José Marín, 1619-1699)

Danzas para arpa

Minué (Anónimo, s. XVII-XVIII)
Matachines (Lucas Ruiz de Ribayaz, s. XVII)
Zarabanda (Antonio Martín y Coll, s. XVII-XVIII)
Canarios (Diego Fernández de Huete, s. XVII-XVIII)

San Juan de Lima (Anónimo, s. XVII)
Gaitas (Anónimo, s. XVII)

PARTE II

Calla no cantes (Anónimo, s. XVII)
Soneto amoroso (Francisco de Quevedo, 1589-1645)
Si la gloria de adorar (Anónimo, s. XVII)
No hay más Flandes (Anónimo, s. XVII)

Que obstinarse en las sombras (José Marín, 1619-1699)
Crédito es de mi decoro (Juan Hidalgo, 1612-1685) (da obra teatral *Pico y Canente* de Luis de Ulloa y Pereira)
No parezca rigor el desdén (Anónimo, s. XVII)

Danzas para guitarra

Folías (Gaspar Sanz, 1640-c.1710)
Jácaras (Antonio de Santa Cruz, s. XVII)
Canarios (Antonio Martín y Coll / Anónimo, s. XVII-XVIII)

Mininas de Portugal (Juan Manuel de la Puente, 1692-1753)
Ay que soy tamborilero (Anónimo, s. XVII)

ISABEL MONAR *soprano*

O éxito obtido como Donna Anna en *Don Giovanni* (Valencia), Susanna nas *Vodas de Fígaro* (Ópera de Marseille, Stadttheater de Berna), Pamina na *Frauta máxica* (Liceo de Barcelona), *Il buon marito* (Festival de Schwetzingen), *Orfeo ed Euridice* (Festival de Edimburgo) ou o concerto inaugural do Palau de les Arts de Valencia, entre outros, avalan a solidez da traxectoria desta cantante.

Alumna de Ana Luisa Chova, foi Premio Extraordinario Fin de Carreira, e debutou no Teatro Principal de Valencia, a súa cidade natal. Da alternancia de óperas e concertos cómpre salientar *Turandot* (Valencia), *Iphigenia en Tracia* (Nova York e Boston), *Fidelio* (Nancy, Santiago e Barcelona), *La púrpura de la rosa* (Xenebra, Madrid e México DF), *Cosí fan tutte* (Lausanne, Madrid, A Coruña e Padua), *Arabella* (con Opera North en Leeds), *L'elisir d'amore* e *Idomeneo* (Berna), o Concerto de Aninovo coa Sinfónica de Hamburgo e Miguel Ángel Gómez-Martínez; concertos con obras de Rodrigo en Chicago e *O barbeiro de Sevilla* no Festival de Peralada; ademais doutras aclamadas actuacións como *Dido e Eneas* de Purcell en Marsella e, de Mozart, *Il re pastore*, *Il sogno di Scipione* (Viena) e *Zaide* (da que realizou unha gravación e que interpretou en Gmunden Festival, Düsseldorf e a prestixiosa sala de concertos Concertgebouw en Ámsterdam).

Tamén interpretou o personaxe principal da ópera *Radamisto* de Haendel no Auditorio Baluarte de Pamplona, en Valencia coa Wiener Akademie e nos Ánxeles, e *La filla del rei barbut* de Matilde Salvador no Teatro Principal de Castellón. Na pasada tempada debutou co papel de Salud de *La vida breve* de Falla, con grande éxito entre o público e a crítica, e o rol principal do *Belsahzzar* de Haendel.

Da súa discografía podemos salientar, entre outros, os monográficos sobre Mompou, Toldrá, Vicente Asencio, Matilde Salvador e Asins Arbó.

ARS ATLÁNTICA

O *ensemble* Ars Atlántica estreouse no Via Stellae 2007 (Festival de música de Compostela e os seus Camiños). Este conxunto, creado e dirixido polo arpista compostelán Manuel Vilas, pretende especializarse na música española, portuguesa, italiana e hispanoamericana dos séculos XVII e XVIII, atendendo sobre todo á música vocal e instrumental a solo con continuo. Un dos seus obxectivos é recuperar as músicas dos ámbitos máis íntimos e privados, como sesións palacianas, seráns musicais, *saraos* ou músicas asociadas a certos espazos, personaxes, feitos históricos ou referencias literarias. Ars Atlántica presentou neste festival, despois dunha longa actividade de transcripción, revisión e corrección a cargo do seu director, a estrea mundial en tempos modernos das cantatas para alto e continuo procedentes dos nobres seráns musicais do palacio veneciano da familia Contarini en Piazzola sul Brenta. En novembro de 2009 saíu ao mercado a primeira gravación de Ars Atlántica: un monográfico das xa referidas *Cantatas Contarini* coa mezzosoprano Marta Infante para o selo discográfico Enchiriadis. Proximamente publicarase o compacto titulado *Le grand ballet*, gravado coa frautista mexicana Anna Margules e dedicado ás danzas francesas atopadas en fontes españolas. Un dos proxectos de Ars Atlántica, que xa se está levando a cabo, é a gravación completa das cen cancións contidas no *Manuscrito Guerra* (España, século XVII) atopado na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago. Trátase dun ambicioso proxecto en colaboración co Festival Via Stellae, a Radio Galega e a discográfica Naxos e en xaneiro de 2011 publicarase o primeiro dos seis discos que compoñen a serie.

MANUEL VILAS *arpa de dúas ordes e dirección*

Naceu en Santiago de Compostela, onde iniciou os seus estudos musicais. Estudou arpas antigas dos séculos XII a XVIII, en Madrid con Nuria Llopis e en Milán con Mara Galassi. Colaborou con numerosos grupos como Les Musiciens du Louvre, Al Ayre Español, Musica Ficta, Capela de Ministrers, Ensemble Elyma, Camerata Iberia, La Trulla de Vozes, etc., nos máis importantes festivais de España, Alemaña, Cuba, Estados Unidos, Ecuador, República Checa, Austria, Portugal, Suíza, Francia, Bolivia, Bélxica, Italia, Arxentina, Chile, Holanda, etc. Tamén realizou concertos como solista con programas centrados na música barroca española, americana e italiana (concertos ofrecidos en Holanda, Chile, España, Estados Unidos e Cuba) e conferencias e cursos en diferentes países.

Colaborou como acompañante e tamén como solista en máis de corenta discos con diferentes grupos e discográficas. Participou en producións operísticas en París e Viena (*L'incoronazione di Poppea* de Monteverdi), Madrid, Xenebra e México (*La Púrpura de la Rosa* de Torrejón y Velasco), Múnic, Vigo e San Sebastián (*Orfeo* de Monteverdi) e participou na estrea de *Salir el amor del mundo* de Sebastián Durón no Teatro Arriaga de Bilbao e *Fortunas de Andrómeda y Perseo* no Corral de comedias de Almagro. Foi o primeiro arpista en ofrecer un curso de arpa barroca española en Estados Unidos e en Cuba.

Actualmente está centrado nun ambicioso proxecto de recuperación de pezas vocais do barroco español interpretadas exclusivamente co acompañamento da arpa de dúas ordes, tal como se facía na época. Deste proxecto, até este momento publicáronse tres discos compactos: un para o selo Naxos coas tonadas de Sebastián Durón coa soprano Raquel Andueza, outro titulado *Tonos al arpa* coa mezzosoprano Marta Infante para Enchiriadis e un terceiro coa soprano Estrella Estévez para o selo Arsis. En 2008 fundou o *ensemble* Ars Atlántica coa estrea en tempos modernos das cantatas procedentes do palacio Contarini, interpretadas xunto á mezzosoprano Marta Infante.

É director artístico do proxecto de gravación dos cen tons humanos contidos no chamado *Manuscrito Guerra* (século XVII), manuscrito que investiga dende hai unha década. Trátase dunha colaboración conxunta entre o conxunto Ars Atlántica, o Festival Via Stellae, a Radio Galega e a discográfica inglesa Naxos; en xaneiro de 2011 sairá o primeiro volume dos seis que compoñen este proxecto.

Unha das súas especialidades é ofrecer recitais con cantantes e acompañou a solistas como Raquel Andueza, Guillemette Laurens, Monica Piccinini, Felix Rienth, María del Mar Fernández Doval, Isabel Monar, Alicia Berri, Isabel Álvarez, Juan Sancho, Marta Infante, Mercedes Hernández, Estrella Estévez, etc.

Foi un dos asesores no proxecto de recuperación dos anxos músicos da Catedral de Valencia. Así mesmo, é pioneiro no estudo e interpretación de certas arpas hoxe totalmente esquecidas, como a arpa dobre que circulou pola Coroa de Aragón no século XIV e a chamada arpa misional chiquitana (Bolivia, século XVIII), coa que ofreceu no Via Stellae 2009 o primeiro recital de música chiquitana para arpa.

Proximamente sairá ao mercado o seu compacto coa soprano italiana Monica Piccinini que inclúe, entre outras obras, a primeira gravación mundial dunhas pezas para voz e arpa procedentes dun mosteiro de Braga (Portugal). Entre os seus próximos compromisos salientan unha xira por Holanda co cuarteto vocal Quintaesencia, a participación na produción que o Teatro Campoamor de Oviedo fará de *L'incoronazione di Poppea* de Monteverdi baixo a dirección de Kenneth Weiss e unhas clases maxistras en Praga sobre arpas ibéricas.

JUAN CARLOS DE MULDER *guitarra barroca*

Naceu en Lima e estudou nos conservatorios de Madrid, A Haia e Toulouse. Traballou realizando traballos de continuo en producións de ópera barroca e oratorio baixo a dirección de Philippe Herrewége, Jean-Claude Malgoire, Nigel Rogers, Jordi Savall e Eduardo López Banzo entre outros. No eido da música de cámara actuou con Albicastro Ensemble, Hesperion XX, La Romanesca, Orphenica Lyra e actualmente colabora con grupos como Speculum, Al Ayre Español, Accademia del Piacere, La Folia, Músicos del Buen Retiro, Trulla de voces, Capella de Ministrers, Magios, etc. Realizou máis de cincuenta gravacións de música antiga que abranguen desde o medievo ata o preclasicismo. Compuxo música para a Compañía Nacional de Teatro Clásico (*Misántropo* de Molière, *La vida es sueño* de Calderón) e Unha noite cos clásicos (Marsillach) e realizou recitais de poesía e música con Carlos Hipólito, Arturo Querejeta, M^a Jesús Valdés, Adolfo Marsillach e Amparo Rivelles.

Actualmente compaxina o seu traballo en diversos grupos de cámara coa dirección do grupo Camerata Iberia co que gravou *Songs and dances from the spanish Renaissance* (MA recordings), *Música en torno ao teatro de Calderón* (Jubal), *Barroco do Perú* (Alma records) e *La Spagna* (Verso). Como solista de vihuela gravou *O mestre Luys Milán* (RTVE), *Fantasías e diferenzas* (Fonti musicali) e *Diego Pisador* (Verso). Impartiu clases nas universidades de Salamanca, Valencia e México DF e foi profesor de instrumentos antigos de corda pulsada no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid entre 2004 e 2008. Na actualidade é profesor invitado na Academia de Música Antiga da Universidade de Salamanca e no Curso Internacional de Música Antiga de Daroca (Institución Fernando o Católico, Zaragoza).

LUZ MARTÍN LEÓN-TELLO *castañolas*

Naceu en Madrid, onde realiza os seus estudos e se titula en piano e pedagogía musical (Real Conservatorio Superior de Música), danza española (Escola Superior de Arte Dramático e Danza) e profesorado de EXB (Universidade Complutense). Posteriormente realizou estudos de posgrao no Orff-Institut da Hochschule für Musik Mozarteum de Salzburgo. Dende 1992 é profesora titular de Didáctica da Expresión Musical na Universidade Autónoma de Madrid.

A súa faceta investigadora sobre a interpretación da música española con castañolas, levouna a colaborar activamente con distintas agrupacións e orquestras. Pertence a Al Ayre Español dende 1992, agrupación coa que actuou en numerosas cidades no marco dos máis prestixiosos festivais: Konzerthaus de Viena, Basilea, Utrecht, Ámsterdam, Saintes, Sablé, Beaune, Burdeos, Haut-Jura, Lión, París, Berlín, Eisenach, Hamburgo, Hannover, Schleswig-Holstein, Cremona, México, Washington, Tel Aviv, Xerusalén, Festival de Outono e ciclo Os séculos de ouro de Madrid, Festival de Música Antiga de Barcelona, Daroca, Camiño de Santiago, Quincena Musical Donostiarra, Festival Mozart da Coruña, Gran Canaria, Zaragoza, etc. En 2004 recibiu o Premio Nacional de Música de Interpretación do Estado español como membro de Al Ayre Español.

Como solista, tocou coas seguintes orquestras: Filharmónica de Gran Canaria, Sinfónica de Galicia, Radiotelevisión Española, Berliner Symphoniker, Nordwestdeutsche Philharmonie e outras orquestras alemás, Philharmonia Baroque de San Francisco e Sinfónica de Colombia. Tamén colabora con outras agrupacións (Ensemble Baroque de Limoges, Schola Cantorum Basiliensis, Real Cámara, Capriccio Stravagante, Ensemble Pulcinella, El Concierto Español, Trío Chamberí, etc.) e solistas como José Miguel Moreno, Marta Almajano, Ophelie Gaillard, Andreas Staier e Christine Schornsheim.

Participou en gravacións discográficas dos selos Deutsche Harmonia Mundi, Auvidis, Glossa e Agruparte, algunhas das cales recibiron prestixiosos premios (Diapason d'Or, 10 de Repertoire, Télérama, Editor's Choice, ECHO Klassik e Vivaldi). Tamén conta con numerosas gravacións para radio e televisión por toda Europa.

Xunto ao barítono Jordi Ricart e o guitarrista Juan Carlos de Mulder creou Jácara, grupo dedicado á recuperación de parte do patrimonio musical español, centrándose nos aires máis castizos e populares dos séculos XVI ao XIX.

CONCERTO 5

xoves 7 de xaneiro de 2010
VIVICA GENAUX *mezzosoprano*
CARLOS DE ARAGÓN *piano*

CONCERTO PATROCINADO POR:



PARTE I

FEDERICO RICCI (1809-1877)

Giuramenti... che si può non mantenere (Xuramentos... que poden non manterse)
O rondinella (Oh andoriña)

FERMÍN M^a ÁLVAREZ MEDIAVILLA (1833-1898)

Pesares
El celoso

MANUEL GARCÍA (1775-1832) / arr. PAULINE VIARDOT (1821-1910)

Jalousie (Celos)
La fleur du Vallon (A flor do Vallon)
Floris (Floris)
Silence! (¡Silencio!)
La barque de l'amour (A barca do amor)
Le courrier (O correo)

PAULINE VIARDOT (1821-1910)

Ruhige, heilige Nacht (Serena e sagrada noite)
Mitternächtige Bilder (Imaxes nocturnas)
Die Sterne (As estrelas)
Die Beschwörung (O conxuro)

PARTE II

GIOACCHINO ROSSINI (1792-1868)

Giovanna d'Arco, cantata (1832)
È notte, e tutto addormentato è il mondo (Andantino e recitativo)
O madre mia (Andantino grazioso)
Eppur piange (Recitativo)
Ah, la fiamma che t'esce dal guardo (Maestoso)

JOSÉ SERRANO (1870-1941)

La alegría del batallón (1909)
Canción gitana: "A una gitana preciosa" (romanza de Dolores)

FEDERICO CHUECA (1846-1908) e JOAQUÍN VALVERDE (1846-1910)

La Gran Vía (1886)
"Pobre chica la que tiene que servir" (tanguillo de "La Menegilda")

GERÓNIMO GIMÉNEZ (1854-1923)

La Tempranica (1900)
"La tarántula" (zapateado de María "La Tempranica")

GIOACCHINO ROSSINI (1792-1868)

La Cenerentola (1817)
"Nacqui all'affanno" (Nacín para sufrir), rondó de Angelina "A Cincenta"

VIVICA GENAUX *mezzosoprano*

Nada en Alasca, destaca pola súa peculiar, atraente e abraiante voz, que continúa colleitando éxitos nos principais escenarios de todo o mundo, non só pola súa extraordinaria técnica e beleza vocal, senón tamén polas súas vibrantes interpretacións. É considerada unha das principais intérpretes de barroco e *bel canto*.

Combina as súas actuacións en Estados Unidos con óperas, concertos e recitais en diversos países por todo o mundo. A tempada 2009-10 comezou con *La Cenerentola* no Festival de Stresa, dirixida por Gianandrea Noseda. Despois, canta no Theater an der Wien de Viena por primeira vez o papel principal de *Tancredi* de Rossini, dirixida por René Jacobs (unha actuación que repite na Academia Franz Liszt de Budapest), e *Il mondo della luna* (Ernesto) de Haydn na súa primeira colaboración con Nikolaus Harnoncourt. Cantará arias de Vivaldi (compacto publicado en Virgin/Emi) con Fabio Biondi e Europa Galante en diversos concertos, comezando no Théâtre des Champs-Élysées de París, ao que seguirán futuros compromisos en Estrasburgo, Turín, Nápoles e Cracovia. No Teatro dos Campos Elíseos tamén interpretará *La Cenerentola*. Outros proxectos son o concerto televisado dos premios Les victoires de la musique, un concerto en Hamburgo patrocinado pola Hasse Foundation, *La Cenerentola* para a Washington Concert Opera, o debut no Festival de Salzburgo con *Piramo e Tisbe* (de novo con Fabio Biondi e Europa Galante, tamén a interpretarán no Festival de Radio France en Montpellier), *Semele* (Juno e Ino) dirixida por Christophe Rousset e con Les talens lyriques no Théâtre des Champs-Élysées e no Barbican Centre de Londres. Da tempada 2008-09 cómpre destacar as seguintes actuacións: Theater an der Wien (*Ariodante*), Teatro Real de Madrid (*Il trionfo del tempo e del disinganno*), Teatro Regio de Turín e Ópera de Pittsburgh (*L'italiana in Algeri*), Bamberger Symphoniker (*L'isola disabitata* de Haydn), novena participación no Festival Caramoor (*Semiramide*), diversos concertos en Berkshires, Pittsburgh, Fénétrange, Colonia, Lión, Saarbrücken, São Paulo, Río de Xaneiro, Montevideo e Bos Aires e *Ercole sul Termodonte* de Vivaldi con Fabio Biondi e Europa Galante en Cracovia, Viena e París. Ademais, cantou un programa de arias barrocas no Carnegie's Weill Recital Hall con membros da Orquestra Barroca de Venecia; concertos no Tchaikovski Concert Hall en Moscova, interpretou a cantata *The birth of Christ* no Festival de Pascua de Roma, participou nunha gala en Fairbanks durante a celebración do 50º aniversario de Statehood, na súa Alasca natal, cantou obras de Pergolesi e Handel no Festival de Saint-Denis e arias de Rossini no seu debut para a BBC.

Debutou profesionalmente na Ópera de Florencia en outubro de 1994 co papel de Isabella en *L'italiana in Algeri*, un papel que cantou despois na Ópera Nacional de París, Ópera de San Francisco e Teatro Regio de Turín, entre outros. Interpretou *Il barbiere di Siviglia* (Rosina) na Staatsoper de Viena, Deutsche Oper, Bayerische Staatsoper, Metropolitan de Nova York, De Nederlandse Opera, Washington National Opera, Dallas Opera, Festival de Dresde, etc., e *La Cenerentola* (Angelina) no Théâtre des Champs-Élysées, Semperoper, Carnegie Hall de Nova York, Teatro Municipal de Santiago de Chile, New Israeli Opera e Grand Théâtre de Xenebra, entre outros. Do seu repertorio belcantista cómpre salientar: Neocle de *L'assedio di Corinto* (Baltimore), Malcolm de *La donna del lago* (Caramoor), Orsini de *Lucrezia Borgia* (Caramoor e Minnesota Opera), Hassem de *Alahor in Granata* de Donizetti (Sevilla), Pippo de *La gazza ladra* (Caramoor), Arsace de *Semiramide* (Minnesota), Falliero de *Bianca e Falliero* (Washington Concert Opera) e Romeo de *I Capuleti ed i Montecchi* (Minnesota e Pittsburgh). No eido do repertorio barroco, as súas interpretacións de Haendel son variadas e numerosas: Bradamante de *Alcina* (París), Polinesso de *Ariodante* (París, Londres e Madrid), Sesto de *Giulio Cesare* (San Diego), os papeis de Juno e Ino de *Semele* (New York City Opera) e os papeis principais de *Rinaldo* (Montpellier e Innsbruck), *Ariodante* (Dallas e San Diego), *Arminio* (Solothurn, Siena e Ámsterdam) e *Giulio Cesare* (Washington). Tamén cantou Marco Antonio de *Marc'Antonio e Cleopatra* (París e Bruxelas) e Selimo de *Solimano* (Berlín e Dresden). Outras importantes actuacións de Vivica Genaux inclúen: Penelope de *Il ritorno d'Ulisse* (Múnic), o papel principal do *Giustino* de Vivaldi (Solothurn), Irene de *Bajazet* (Viena, Yokohama, Montpellier, Venecia, Cracovia, París, Madrid e Metz), Teoloxía de *La Santissima Trinità* de Alessandro Scarlatti (Palermo, Lión e París), Nerone en *Ottavia restituita al trono* de Domenico Scarlatti (San Sebastián) e Orfeo de *Orfeo ed Euridice* de Gluck (Os Ánxeles).

CARLOS DE ARAGÓN *piano*

Realizou os seus estudos no Conservatorio Superior de Música de Sevilla e na Academia Liszt de Budapest. En 1991 iniciou o seu labor como mestre repertorista en teatros como o Teatro Maestranza de Sevilla, Teatro Calderón de Valladolid, Gran Teatro de Córdoba, Teatro Principal de Palma de Mallorca, Teatro Principal de Maò, Teatro Real de Madrid e Teatro Villamarta de Xerez, o que lle deu a oportunidade de traballar moi pronto con cantantes como Ángeles Blancas, Ainhoa Arteta, Cristina Gallardo-Domas, etc. Participa igualmente como pianista e xurado en numerosos cursos e concursos, tanto en España como no estranxeiro. É acompañante habitual, como pianista e director de orquestra, da mezzosoprano Vivica Genaux, coa que realizou numerosos concertos (Sociedade Filharmónica de Málaga, Venecia, Versalles, actuando na Chapelle Royale no marco do Festival des Yvelines 2008, etc.) e que os unen próximos compromisos en Rusia (dirixindo no Conservatorio Tchaikovski de Moscova), Estados Unidos, China, etc., e a gravación dun cd para o selo Emi Classics. A súa longa experiencia nos teatros faíno un gran coñecedor do repertorio lírico italiano e, en concreto, do *bel canto*.

En 2004 converteuse en asistente permanente do mestre napolitano Antonio Florio, titular da orquestra barroca Cappella della Pietà de' Turchini, e traballa canda el na recuperación do repertorio lírico napolitano do século XVIII. En 2005 colaborou coa Fondation Royaumont de París, dentro da súa ópera-estudo anual, na recuperación de *La finta giardiniera* de P. Anfossi, produción que estivo en xira tres meses por Francia e Bélxica con grande éxito. Ese mesmo ano, colaborou na *Partenope* de Haendel para a Cité de la Musique de París, sempre coidando a preparación dos cantantes.

Xa como codirector musical, en 2007 e co gallo do 250º aniversario do compositor, preparou a *Ottavia restituita* de Domenico Scarlatti para a Quincena Musical Donostiarra con Vivica Genaux e Maria Grazia Schiavo como protagonistas (patrocinado pola SECC) e en 2008 a *Salustia* de Pergolesi nunha coprodución do Festival de Radio France, a Ópera de Montpellier, a Fundación Pergolese-Spontini e o Teatro Pergolese de Iesi. En 2009 tamén preparou *Partenope* de Vinci, ópera producida polo Ministerio de Cultura dentro dos actos preparatorios para a creación do Centro Nacional das Artes Escénicas e das Músicas Históricas que realizou unha posterior xira por España, Francia e Italia, onde asumirá a dirección musical dalgunhas das representacións xunto con Antonio Florio.

No festival Bilbao Barroco dirixiu en 2008, no Teatro Arriaga, a estrea absoluta en España da ópera *Tolomeo* de Haendel á fronte da orquestra barroca Collegium Marianum de Praga, unha produción que tivo un grande éxito de público e notable resonancia na crítica especializada. Tras este éxito volverá dirixir na próxima tempada estable do Teatro Arriaga. Tamén no 2008 dirixiu no Teatro Villamarta de Xerez a produción, subvencionada pola Junta de Andalucía, de *The Noye's Fludd* de Britten e, en outubro, inaugurou a tempada 2009-2010 deste teatro con *La Cenerentola* de Rossini en coprodución coa Ópera de Nantes.

Entre os seus futuros proxectos, ademais dos concertos en Rusia e Estados Unidos xunto a Vivica Genaux, atópanse unha serie de concertos con Ángeles Blancas e Carlos Bergasa para o Teatro Megaron de Atenas co gallo dunha xira que efectuará o Teatro da Zarzuela.